

A palabra, esa forza

Con concentración efectiva




RAMÓN NICOLÁS

Tras as propostas iniciais de Camilo Franco como narrador cifradas n' *A lúa no céntil...* e *En malos pasos*, hai catro anos ofrecíanos *Por conto alleo*, onde o autor afincaba a súa proposta —daquela novidosa— na relación entre a rede e a propia creación literaria, retroalimentando tematicamente un monllo de relatos a partir das propostas que partían dos propios lectores. Entende sempre, ou así o creo, e este *Palabras contadas* que nos ocupa así o testemuña, o narrador e xornalista ourensán a creación narrativa como un proceso no que non debe faltar o factor sorpresa, mesmo aqueloutro factor que estreita lazos con propostas audaces e nunca transitadas, que asuman novos retos e desafíos. Nesta ocasión Camilo Franco, cun título homónimo ao do libro, estreou na Fundación Luís Seoane da Coruña unha exposición que forma parte do Proxecto Edición, e que pasará tanto polo Centro Galego de Arte Contemporánea como polo Marco vigués; exposición na que o obxectivo é o de suscitar a lectura a través dalgúns textos incluídos nesta colectánea, digámolo xa, maioritariamente composta por relatos ou minirelatos nos que se interna no mundo dos sentimentos, da violencia, da memoria, do poder, das convencións sociais, da morte, da guerra ou do sexo entre outros moitos asuntos, algúns seica biográficos, xogando, en tantas ocasións, con títulos, versos ou textos que recicla, deforma ou caricaturiza para lograr o efecto desexado.

Con este propósito, se se quer de carácter multidisciplinar e multicomunicativo, sen traizoar o axioma de que “a polisemia é máis importante que a extensión” e que el defende, ofrece nestas *Palabras contadas* un compacto conxunto de textos nos que non traizoa a querencia pola contención, se se quer polo anti-barroquismo narrativo. Desde textos extraordinariamente concisos, case que ao xeito dos aforismos diestianos, viaxamos por “construtios” que non van máis aló de dous, tres ou catro párrafos, fóra de trinta argumentos novelísticos e mais un conxunto de cinco relatos finais que ocupan un espazo maior. Nos máis deles Camilo Franco deita, e teño para min que talvez sexa isto o máis característico e ao tempo

máis atractivo da súa pluma, unha ollada sempre paródica, irónica, enxeñosa, transgresora, por veces mesmo cruel e sarcástica respecto dos mundos que vai creando sempre desde esa atalaia dominada polo espírito observador, conducidas polo risco de aparente velocidade, mais teño para min que milimetricamente

xe, se a voz narrativa ha dominar a economía descriptiva, se se ha presentar unha estrutura sinxela que permita acceder á dimensión da suxestión lostregueante e da concentración estilística é unha verdade palmaria que Camilo Franco o consegue, non sei ben se na totalidade destes propostas, mais si nunha esmagante maioría.



calculado e, cando así cómpre, gobernado por un afán dominado por un arrecendo reivindicativo e sempre sedutor que tanto subverte a lóxica argumental, como resolve o relato nun pinchacarneiro inesperado ou mesmo obrioga a que o lector repouse nunha conclusión, se non explícita, si implícita mais nunca moralizante; pero sempre reflexiva e á que un chega debuxando un medio sorriso na boca.

Se as imaxes neste tipo de relatos han ter iso que se denomina intensidade efectiva, se a tensión ten que pender dun único ei-

Percorre un camiño o autor no que non é doado saír airoso. Precedentes coma Castela, Dieste, Neira Vilas entre outros na nosa tradición tamén transitaron estas vereas con fortuna. As mesmas que Camilo Franco sabe tripar estes días.

FRANCO, Camilo, *Palabras contadas*, Ed. Xerais, Vigo, 2006, 173 páxinas